

VIEIROS

Edición xeral

OCUPA A VACANTE DE MANUEL MARÍA

Darío Xohán Cabana, novo académico da RAG

Manuel María xa ten sucesor na Academia: o tamén chairego e íntimo amigo do poeta falecido, Darío Xohán Cabana. O plenario da Real Academia Galega decidiu elixir académico numerario a Cabana pola "enorme calidade literaria e lingüística da súa obra poética e narrativa e das súas traducións. O seu é o galego popular da Terra Cha, pero moi elaborado, o que o converte nun dos grandes escritores do século XX, nun clásico vivo". A Academia tamén salienta "a súa constante entrega á causa da dignificación do galego (e de Galicia) fai que sexa un dos maiores construtores da patria que une a todos os galegofalantes".

- [Autobiografía](#) de Darío Xoán Cabana na Biblioteca Virtual Galega

- 09:25 01/05/2005